O Facebook baixo a lupa de Julian Assang :"a máquina de espionaxe máis horrorosa xamais inventada".

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 03 Maio 2011 13:26



Julian Assange, fundador da WikiLeaks, manifestou que o Facebook é "a máquina de espionaxe máis horrorosa xamais inventada". Agregou que os internautas deber ser conscientes de que cando achegan un amigo "están facendo un traballa gratis moi útil ás axencias de intelixencia dos EE.UU. Assange fixo esta advertencia nunha entrevista mantida con Rusia Today, días despois de que a rede Facebook nunha resolución unilateral dera a baixa ao sitio de WikiLeaks, con mais de 30.000 fans, alegando que promove "actos ilegais".

O fundador da WikiLeaks dixo que non se trata de que Facebook sexa dirixido por estas axencias de intelixencia si non que o feito de albergar tanta información persoal xa é un perigo. Para Julian Assange, estas redes traballa cunha interfaz que permite obter datos ás axencias de espionaxe estadounidenses sen necesidade de una citación xudicial. Como exemplo, mencionou que na revolta de Exipto uno das primeiras mensaxes que deron os seus líderes era non usar Facebook o Twiiter.